

ANEXO IV

DATOS DO/A BENEFICIARIO/A

NOME OU RAZÓN SOCIAL		NIF / CIF
Nº EXPEDIENTE	ENDEREZO	
LOCALIDADE	PROVINCIA	

DATOS DO PROXECTO

ENDEREZO DO ESTABLECEMENTO	
LOCALIDADE	PROVINCIA
DESCRIPCIÓN DO PROXECTO	
IMPORTE INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE	IMPORTE SUBVENCIÓN

EXPOÑO:

Que ao abeiro da Orde do _____ pola que se aproban as bases reguladoras e se procede á convocatoria para o ano 2006, das subvencións para adecuación dos establecementos comerciais ao seu contorno competitivo en desenvolvemento do plano de renovación e mellora do comercio galego, presenteí unha solicitude de subvención para o desenvolvemento do proxecto arriba indicado.

Que recibín notificación da concesión pola delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria dunha subvención ao abeiro da devantida orde.

Por todo isto,

ACEPTO a concesión desta axuda, comprometéndome a cumprir todas as condicións establecidas na Orde de convocatoria.

_____, ____ de _____ de 200__

Asdo.: _____ (escribir nome e asinar)

Delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria de _____

Orde do 17 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se acostuman a identificar, senón que constitúen actividades con gran capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista moi longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de maneira eficaz ás esixentes demandas do mercado actual.

A innovación, o deseño e a calidade son as bazas coas que conta a artesanía para sobrevivir e facerse forte nun contexto de globalización e elevada competitividade. A estes tres valores vincúlase o com-

promiso da Xunta de Galicia co colectivo artesanal galego, consciente de que o sector debe actuar como un factor de desenvolvemento, de creación de postos de traballo, de asentamento poboacional e xeración de identidade. O obxectivo é facer da artesanía unha actividade de futuro, coa que poidan implicarse os mozos e mozas que desexen dedicarse a un dos nosos oficios.

Cómpre, polo tanto, proceder á instrumentación da concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para os talleres e asociacións artesanais, co obxecto de modernizar as súas estruturas produtivas e introducir as novas tecnoloxías, potenciar a formación especializada e a incorporación de novos traballadores, así como fomentar a divulgación dos produtos e a participación dos artesáns en certames profesionais como expositores.

O contido da presente orde axústase ao establecido polo Decreto 172/2001, do 12 de xullo, sobre incentivos para o desenvolvemento económico e fomento

da actividade empresarial na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 142, do 23 de xullo), que recolle o réxime de axudas rexionais autorizado pola Unión Europea (axuda estatal nº 489/2000).

Na súa virtude e en uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto.

Esta orde ten por obxecto a convocatoria de axudas que se conceden no exercicio de 2006, para o fomento e desenvolvemento do sector artesanal na Comunidade Autónoma de Galicia, a través do apoio tanto ás unidades produtivas como ás asociacións de artesáns. A estratexia específica articularase en elementos básicos ou fundamentais como son a creación ou mellora da dotación das unidades produtivas, a mellora no deseño e calidade das producións, a divulgación e promoción dos produtos artesáns, o fomento da participación en feiras profesionais, ou a formación técnica.

Artigo 2º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarios destas axudas:

1. Os artesáns e obradoiros artesanais que cumpran os seguintes requisitos:

-Estar establecidos na Comunidade Autónoma galega e atoparse inscritos como artesáns no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia no momento de presentar a solicitude de axudas, de acordo co disposto no Decreto 218/2001, do 7 de setembro, polo que se refunde a normativa vixente en materia de artesanía.

-Os solicitantes de axudas deberán ter o seu taller artesanal inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, tendo de prazo ata o 15 de setembro do 2006 para solicitar a dita inscrición para o caso da creación de novos obradoiros.

2. As asociacións artesanais de carácter profesional e legalmente constituídas, con domicilio en Galicia e que contén entre os seus membros con máis de vinte artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Artigo 3º.-Aplicacións orzamentarias.

Para a concesión das axudas, propias dos investimentos que se convocan, destinarase o crédito global correspondente ás aplicacións orzamentarias que se mencionan:

Aplicación: 10.04.711-C.770.0.

Denominación: apoio ao sector artesanal.

Ano 2006: 500.000 euros.

Aplicación: 10.04.711-C.780.0.

Denominación: apoio ao sector artesanal. Asociacións.

Ano 2006: 100.000 euros.

As cantidades antes citadas poderanse incrementar en función das peticións presentadas e de acordo coas dispoñibilidades de crédito.

Artigo 4º.-Actuacións subvencionables.

4.1. Serán actuacións subvencionables as desenvolvidas por artesáns, obradoiros artesanais, asociacións

artesanais e proxectos concertados (coa adhesión mínima de tres obradoiros), incluídas nos seguintes puntos:

a) Proxectos de innovación no proceso produtivo.

Dentro deste punto subvencionarase a adquisición dos seguintes equipos, que deberán ser en todo caso de primeiro uso:

-Adquisición en réxime de propiedade de maquinaria, ferramentas e equipo auxiliar propio do exercicio dunha actividade artesanal, que serán de fabricación externa cualificada, debendo acadar estes investimentos unha cantidade mínima subvencionable de 1.200 euros.

-Equipos para procesos de informatización, cun máximo dunha unidade por entidade solicitante, propios das características da actividade artesanal, e instalacións de deseño asistido por ordenador, non recolléndose neste punto as aplicacións informáticas de xestión. A contía máxima de subvención, na epígrafe de equipos informáticos, será de 1.800 euros.

b) Proxectos que se destinen a divulgar e promover produtos artesanais: deseño de imaxes corporativas, logotipos, realización de catálogos ou outro tipo de soporte publicitario, en papel, magnéticos, ou CD/DVD, a edición de material impreso, audiovisual, sobre produción artesá, especificamente concibidos e dirixidos ao fomento da actividade e á potenciación dos produtos artesáns. Serán subvencionables os gastos de deseño, creación e contratación de dominio para páxina web do taller ou asociación de artesáns. Tamén se recolle neste punto o deseño de envases e embalaxes de produtos artesáns, excepto a impresión e reimpresión destes. Non serán obxecto de subvención os gastos en publicidade en medios escritos, radio ou televisión, nin os investimentos en calquera tipo de formularios ou materiais de uso administrativo. A contía máxima de subvención neste punto será de 6.000 euros.

c) Participación como expositor con caseta propia en feiras de carácter profesional, considerándose subvencionables os gastos que ocasionen os espazos que se contraten, alugueiro ou construción da caseta e transporte do material, montaxe e desmontaxe das casetas, seguros, enerxía eléctrica, vixilancia, contratación de azafatas, de intérpretes, gastos de desprazamento e aloxamento de ata dúas persoas, así como publicidade e publicacións relacionadas con esta participación; o límite de subvención por estes conceptos será de 3.000 euros por entidade participante. Así mesmo, será obxecto de subvención a adquisición de elementos ou mobiliario básicos que formen parte do deseño dun expositor para a súa utilización exclusiva en feiras profesionais, cunha contía máxima de subvención de 3.000 euros por entidade solicitante.

d) Os gastos de inscrición en programas formativos de especialización profesional que teñan relación coa súa actividade, cun máximo de dous asistentes por obradoiro. As actividades de formación non poderán ter unha duración superior a 100 horas, sendo o número máximo de accións formativas por participante de dous, e a contía máxima de subvención non excederá de 900 euros por acción formativa, cantidades que non serán computables para os efectos do 55% que se fixa no artigo 7º desta orde.

e) Proxectos que teñan por finalidade:

-Mellorar, impulsar e potenciar as producións das actividades artesanais tradicionais de: tecidos en baixo lizo, zoqueiro, toneleiro, selleiro, albardeiro, olaría, forxa, follalataría, caldeiraría, afiado, cestaría e labores de palla.

-Mellorar a comercialización dos produtos artesanais mediante o acceso aos novos mercados e o desenvolvemento de novos produtos.

-Mellorar a calidade das producións artesanais mediante a constatación das súas características técnicas.

-Achergar as actividades artesanais ás novas xeracións, mediante a introducción no seu contorno dos valores destas, dando a coñecer os procesos e actitudes que constitúen as características esenciais das actividades artesanais.

-Introducir as producións artesanais na sociedade da información como estratexia acorde cos novos hábitos comerciais.

f) Accións encamiñadas á incorporación do deseño ás novas liñas de produto, posibilitando que se estimule a actividade artesanal aos artesáns, como froito da colaboración con axentes externos profesionais que desenvolvan a dita actividade a título significativo.

O desenvolvemento de proxectos de deseño de produtos vai propiciar que melloren as prestacións destes, a súa adecuación aos mercados, así como atender a crecente preocupación ecolóxica, etc.

Neste punto terán a consideración de investimento subvencionable os custos externos derivados da realización de proxectos de deseño de produto, considerándose os honorarios dos consultores de deseño así como os custos relativos aos materiais necesarios para plasmar en prototipos os deseños froito da colaboración.

Excluíranse os custos non vinculados coas ideas de deseño obxecto de proxecto en desenvolvemento, así como os proxectos nos que non se acredite a existencia de colaboración con un equipo especializado de deseño, entendéndose por tal aquel que desenvolva a dita actividade a título principal.

4.2. A contratación en prácticas, por parte de obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de traballadores desempregados inscritos no momento da contratación no Servizo Público de Emprego, que non tiveran relación laboral coa empresa a través dun contrato de igual modalidade.

Os contratos en prácticas deberán cumprir as exixencias e formalidades que establece o artigo 11 do Estatuto dos traballadores e as normas regulamentarias de desenvolvemento. As axudas previstas neste punto serán de aplicación aos contratos en prácticas que se realicen desde o 1 de xaneiro ao 13 de outubro de 2006.

Para que os devanditos contratos podan ser obxecto da subvención, deberán concertarse a xornada completa, por unha duración inicial non inferior a doce meses e non poderán supoñer a sucesión de traballadores en prácticas para ocupar o mesmo posto de traballo.

Exclúense deste punto os contratos realizados co cónxuxe, ascendentes, descendentes e demais parentes por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, do empresario ou dos que desempeñen cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como os que se produzan con estes últimos.

A contía total que se percibiría por este concepto poderá acadar a cantidade de 3.600 euros por traballador.

4.3. Alta na Seguridade Social de novos artesáns: consideraranse as novas altas na Seguridade Social daqueles artesáns vencellados aos obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que inicien a súa actividade no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2006.

A contía que se percibirá por este concepto será dun máximo de 120 euros por cada unha das mensualidades satisfeitas á Seguridade Social, que poderán abranguer desde xaneiro a decembro de 2006, ambos inclusive.

A percepción de calquera contía vencellada con este punto da convocatoria será incompatible coa vencellada ao punto 4.2 desta.

4.4. Terán carácter subvencionable as actuacións que desenvolvan asociacións profesionais artesanais, ou proxectos concertados (coa adhesión mínima de 3 obradoiros), e que se destinen a:

-Desenvolver accións conxuntas de distribución, comercialización, promoción ou calquera outra fórmula de colaboración empresarial.

-Crear redes de comunicación e transferencia de información con outros lugares do Estado e coa Unión Europea.

-Mellorar a información sobre tendencias de mercado en relación co deseño, coa comercialización de produtos artesanais e co desenvolvemento do sector.

Con carácter xeral, e para todas as tipoloxías de axudas enumeradas anteriormente, a comisión de avaliación das solicitudes de axudas presentadas a esta convocatoria, establecida no artigo 11º da mesma, poderá determinar a exclusión dos investimentos subvencionables daquelas actuacións ou elementos que se consideren reiterativos doutros acometidos e subvencionados en exercicios anteriores.

Artigo 5º.-Subcontratación polos beneficiarios das actividades subvencionadas.

Para os efectos desta orde, non se entende por subcontratación a adquisición por parte do beneficiario de maquinaria e bens de equipo nin a contratación de servizos externos para realizar as actividades subvencionables especificadas no seu artigo 4º.

A subcontratación de actividades realizarase de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 6º.-Criterios de avaliación.

Os criterios de selección dos proxectos subvencionables, relacionados por orde decrecente de importancia, serán os seguintes:

1. Adecuación técnica, calidade do proxecto que se vai executar, a incidencia deste na mellora da calidade do produto artesanal e a novidade das propostas.

2. Capacidade de xerar actividade económica na empresa, creación de novas unidades produtivas e contribución á potenciación e creación de postos de traballo.

3. Mellora da divulgación e promoción das producións artesanais.

4. En caso dun proxecto concertado, número de empresas participantes e efectos e vantaxes derivadas da cooperación.

5. Que o solicitante sexa mozo artesán ou muller.

6. Exercer algunha das seguintes actividades artesanais tradicionais: tecidos en baixo lizo, produción de zocos e zocas, tonelaría, sellaría, albardaría, olaría, forxa, follalataría, caldeiraría, cestaría e labores de palla.

Artigo 7º.-Contía das axudas.

As axudas poderán acadar as cantidades e porcentaxes máximas indicadas en cada punto do artigo 4º de actuacións subvencionables e, con carácter xeral, ata o 55% do investimento subvencionable alí onde non estea establecido un límite porcentual de subvención, cun máximo de 30.000 euros por entidade para a suma de todas as tipoloxías de axudas concedidas.

Á vista das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde de axudas, a comisión de avaliación poderá propor límites máximos de investimento subvencionable para cada concepto elixible, segundo as diferentes tipoloxías de investimento.

Non se valorarán, para efectos de investimento, os gastos que se realicen en pagamento de impostos, IVE, taxas, contribucións, licenzas, etcétera, nin outros de carácter tributario, fiscal ou sometido a aranceis, e os investimentos realizados con fórmulas de arrendamento financeiro. Para o caso das subvencións solicitadas por asociacións de artesáns, caso de estar exentas do pago do IVE, deberán presentar coa documentación de solicitude de axudas o documento expedido pola axencia tributaria que acredite a dita exención.

Artigo 8º.-Ámbito temporal.

A esta orde poderán acollerse as actuacións establecidas no artigo 4º desta, sempre que se realicen no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2006 e a data de xustificación do investimento recollida no artigo 15º da convocatoria.

Artigo 9º.-Presentación de solicitudes e documentación.

Os solicitantes de axudas deberán estar en posesión da carta de artesán e ter, se é o caso, o seu obradoiro inscrito no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, tendo de prazo ata o 15 de setembro de 2006 para solicitar a dita inscrición para o caso da creación de novos obradoiros artesanais.

As solicitudes, que se dirixirán ao conselleiro de Innovación e Industria, presentaranse no rexistro xeral das delegacións provinciais, no dos servizos centrais

da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, entre as que se inclúen os rexistros dos concellos que teñan subscrito convenio de colaboración para a implantación dun sistema intercomunicado de rexistro coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

O prazo para a súa presentación será desde o día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* ata o 15 de maio de 2006, inclusive. A presentación da solicitude implica a aceptación desta convocatoria así como das obrigas establecidas nela.

As ditas solicitudes presentaranse, conforme os modelos que se xuntan como anexos I, II e III, e acompañaranse da seguinte documentación, todo isto por triplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e dúas copias):

a) Memoria explicativa pormenorizada, que conterá antecedentes da entidade solicitante, descrición das actividades profesionais realizadas, con mención expresa do proceso de produción artesana, volume de produción e facturación, descrición detallada dos investimentos por unidade de actuación e efectos esperados.

b) Orzamento desagregado do investimento e, nos casos en que proceda, presentarase: copia do proxecto elaborado pola empresa ou particular que o realice; factura proforma ou contrato de maquinaria ou bens que se pretenden adquirir ou das actuacións a realizar, elaborada pola empresa subministradora. En calquera dos casos, o proxecto, o contrato ou a factura proforma irán dirixidos ao solicitante da axuda e contarán coa sinatura e DNI ou CIF/NIF do autor do orzamento.

c) NIF/CIF da entidade solicitante.

d) Incluírse, segundo anexo III, declaración expresa de cantas axudas se teñan solicitadas ou obtidas para as mesmas actuacións, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, así como declaración do solicitante de non atoparse incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Documento público acreditativo do poder con que actúa o representante da entidade solicitante, e fotocopia do seu DNI.

f) As asociacións profesionais artesanais presentarán fotocopia compulsada do seu CIF, estatutos e certificación ou documento que acredite a súa constitución legal. Así mesmo, certificación emitida polo secretario da asociación onde conste o número de asociados, e documento que acredite a inscrición dun mínimo de vinte artesáns no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

g) Para a execución de proxectos concertados, a adhesión das empresas plasmarase mediante certificación destas, na que se recolla o seu compromiso na execución dos devanditos proxectos.

h) No caso de acollerse ás axudas á contratación, memoria na que se recolla unha definición precisa

dos postos de traballo e o compromiso de contratación dos traballadores. Presentarase a memoria, alta na Seguridade Social, DNI de cada traballador contratado e documento acreditativo da súa inscrición como demandante de emprego.

i) Para a actuación recollida no punto 4.3 do artigo 4º desta orde, escrito que recolla a previsión ou data de alta na Seguridade Social dos artesáns vencellados cos talleres artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que inicien a súa actividade no período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de outubro do 2006.

j) De ser o caso, documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE).

De acordo co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a presentación da solicitude de concesión de axuda ou subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor, neste caso a Consellería de Innovación e Industria, para solicitar de oficio e de forma telemática as consultas de atoparse ao día nas obrigas tributarias e fiscais que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o requirido nas correspondentes bases reguladoras. Esta consulta farase de oficio e de forma telemática.

Por outra banda, e tamén de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, a presentación da solicitude de axudas comportará a autorización á Consellería de Innovación e Industria para solicitar de oficio e de forma telemática á Axencia Estatal de Administración Tributaria a consulta da alta na/s epígrafe/s do imposto de actividades económicas (IAE) que ampare/n a actividade artesanal do solicitante. No caso de obradoiros que se constitúan ao longo do ano 2006, o requisito da alta no IAE deberase acreditar con anterioridade á presentación da xustificación do investimento.

Así mesmo, a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, da Consellería de Innovación e Industria, poderá solicitar cantos informes técnicos estime oportunos, para a valoración técnica dos proxectos.

Os anexos I, II e III desta orde poderanse obter, ben fotocopiándoos do *Diario Oficial de Galicia* no que se publique a convocatoria de axudas, ou ben na páxina da internet <http://www.xunta.es/conselle/in>.

Artigo 10º.-Subsanación de solicitudes.

Se a documentación presentada fose incompleta ou presentase erros emendables, requirirase o solicitante para que, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, con advertencia de que, de non o facer teráselle desistido da súa solicitude, de acordo co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e cos efectos previstos no artigo 42.1º da citada lei.

Artigo 11º.-Instrución e selección de solicitudes.

Corresponde á Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, ou se é o caso,

ás delegacións provinciais da Consellería de Innovación e Industria, a instrución do procedemento de concesión de subvencións, e desenvolverá de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales deba formularse a proposta de resolución.

Co obxecto de cumprir o principio de concorrencia competitiva, conforme o disposto no artigo 3.1º do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, as solicitudes serán examinadas por unha comisión de avaliación que se axustará aos preceptos contidos no título II da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. Esta comisión estará constituída polos seguintes membros:

-Presidente: a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

-Cinco vogais: un subdirector xeral da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, e un funcionario por cada delegación provincial da Consellería de Innovación e Industria, designado polo delegado provincial correspondente.

-Secretario: un xefe de servizo da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Esta comisión, que poderá ser asesorada por un equipo de expertos nas actividades do sector artesanal, tendo en conta os criterios de avaliación recollidos no artigo 6º da convocatoria, emitirá un informe razoado no que se concrete o resultado da avaliación efectuada. Neste informe incluírase unha relación ordenada dos proxectos que merezan ser financiados, así como unha proposta de orzamento para estes, que será determinada segundo criterios de máxima eficiencia na asignación de recursos, e unha relación de proxectos non financiáveis.

O órgano instrutor, á vista dos expedientes e do informe de avaliación emitido, formulará proposta de resolución motivada.

Artigo 12º.-Resolución.

Á vista da proposta de resolución, o conselleiro de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, ou se ó caso, o delegado provincial correspondente, ditará a resolución que proceda, motivada, con indicación do obxecto e importe do proxecto subvencionado, a porcentaxe de axuda concedida e a contía desta. A dita resolución poderá establecer condicións técnicas e económicas de obrigada observancia para a realización do proxecto. Particularmente, poderase proceder ao rateo segundo as tipoloxías establecidas nesta orde de axudas, entre os beneficiarios desta, do importe global máximo destinado ás subvencións.

A competencia na resolución de concesión das axudas delégase nos delegados provinciais da Consellería de Innovación e Industria de acordo co establecido no artigo 78 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, ata o límite dos créditos que se desconcentren. A delegación esténdese á competencia para resolver os recursos potestativos de reposición que se interpoñan contra as resolucións por eles dadas.

Sen prexuízo dos recursos que procedan, o beneficiario da axuda deberá aceptala no prazo de quince días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa notificación. En caso contrario, entenderase que renuncia á axuda concedida e procederase de conformidade co establecido no artigo 42.1º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A aceptación da axuda formalizarase mediante un documento asinado polo beneficiario no que este se comprometa a cumprir todas as condicións establecidas nesta orde e, se é o caso, na resolución de concesión desta.

O prazo máximo para ditar e notificar aos interesados a resolución expresa será de seis meses a partir do día seguinte ao que remate o prazo de presentación de solicitudes. O vencemento do citado prazo, sen que se notifique a resolución expresa, lexítima o interesado para entender desestimada a súa solicitude por silencio administrativo.

As resolucións de concesión serán publicadas no *Diario Oficial de Galicia* con expresión da convocatoria, o programa e o crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade/es da subvención.

Artigo 13º.-Modificación da resolución.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou de outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable que legalmente se estableza.

Así mesmo, o órgano competente para a concesión da axuda poderá acordar a modificación da resolución por instancia do beneficiario. Os requisitos que deberán cumprirse para isto son os seguintes:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade desta orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de teren concurrido na concesión inicial, non supuxesen a denegación da axuda ou subvención.

Para solicitar a devandita modificación da resolución, os beneficiarios terán de prazo ata o día 15 de setembro de 2006, inclusive.

En calquera caso, a conformidade expresa da Consellería de Innovación e Industria ás ditas modificacións requirirá informe favorable da Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, e só será outorgada cando non alteren significativamente o proxecto inicial.

Artigo 14º.-Seguimento e obrigas do beneficiario.

Os beneficiarios das axudas quedan obrigados a:

a) Cumprir os requisitos ou condicións que determina o outorgamento da subvención.

b) Acreditar ante a entidade concedente a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamente a axuda, así como dos requisitos ou condicións que determine a súa concesión, no prazo sinalado na convocatoria ou excepcionalmente o que se sinale na resolución cando esta sexa consecuencia da estimación dun recurso potestativo de reposición. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como nesta orde e na resolución de concesión.

c) Conservar os xustificantes orixinais e o resto da documentación relacionada coa axuda outorgada durante un período de cinco anos desde a súa concesión.

d) Para o caso da creación dun obradoiro artesanal, darse de alta no imposto de actividades económicas (IAE) que ampara a actividade correspondente, e solicitar con anterioridade ao 15 de setembro do 2006, inclusive, perante a Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información, a inscrición na sección segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

e) No caso de acollerse ás axudas á contratación, ao mantemento dos postos de traballo creados por un período mínimo dun ano. Os obradoiros que se beneficien destas axudas, co fin de garantir o mantemento dos postos de traballo creados, deberán presentar dentro do primeiro e o último trimestre do ano 2007, unha relación da variación das altas e baixas do persoal adscrito, así como o correspondente TC2.

No suposto de extinción da relación laboral do traballador polo que se concedese subvención, a cobertura do posto por un novo traballador, que deberá reunir os mesmos requisitos que o traballador substituído, terá que realizarse dentro do mes seguinte ao da baixa, feito que deberá ser comunicado pola empresa beneficiaria á Consellería de Innovación e Industria, dentro dos 10 días seguintes á substitución. Esta nova contratación en ningún caso dará lugar a unha nova axuda. Esta obriga manterase durante un ano desde a data de realización do contrato obxecto de subvención.

f) No caso de que las xestións de comprobación de atoparse ao día nas obrigas tributarias e sociais, establecidas no artigo 9º desta orde de ser como resultado que o solicitante ou o beneficiario teña débedas dalgún tipo das recollidas nel, requirirase o solicitante ou beneficiario que regularice a súa situación e presente por si mesmo o/s correspondente/s certificado/s de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e/ou sociais.

g) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa axuda concedida, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas e, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

h) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de axudas ou subvencións para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou ente público, así como calquera alteración producida nas xa comunicadas coa solicitude, co fin de que aquel poida avaliar a súa compatibilidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

i) As entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar, na súa publicidade ou na información que xeren con respecto ao proxecto subvencionado, o cofinanciamento dos seus activos pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Innovación e Industria, Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información.

Para todas as modalidades de subvención establecidas nesta orde de axudas, en caso de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, haberá que aterse ao disposto no artigo 18º desta.

Artigo 15º.-Xustificación do investimento.

Para o libramento da subvención, o beneficiario deberá presentar na respectiva delegación provincial ou nos servizos centrais da Consellería de Innovación e Industria, ou a través dalgunha das formas recollidas no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, a documentación xustificativa da realización do investimento que fose obxecto de subvención, tendo de prazo ata o 3 de novembro de 2006, inclusive.

Esta documentación xustificativa, sen prexuízo do establecido no artigo 15 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, que se presentará por triplicado exemplar (orixinal ou copia compulsada e dúas copias), constará dos seguintes documentos:

a) Memoria pormenorizada na que se describa a realización do investimento, e na que deberán quedar descritos e identificados os bens adquiridos ou servizos prestados, e os datos e incidencias máis significativos habidos na súa execución.

b) Documentos acreditativos do investimento (facturas e documentos xustificativos do seu pagamento).

c) Para todas aquelas actuacións intanxibles, tales como catálogos, soportes publicitarios, estudos ou proxectos, achegaranse ademais tres exemplares destes.

d) A xustificación para efectos de asistencia a programas formativos e feiras farase efectiva mediante a certificación expresa de participación no certame no período prefixado, emitida pola institución ou entidade organizadora, así como da factura xustificativa da contratación do espazo da feira, tendo que presentar igualmente a documentación mencionada no parágrafo anterior.

e) Para as actuacións acollidas aos puntos 4.2 ou 4.3 do artigo 4º desta orde, deberá presentarse copia dos contratos e dos boletíns de cotización e relación nominal de traballadores da Tesouraría da Seguridade Social. Para aqueles proxectos acollidos ao punto 4.3 da orde de axudas, o beneficiario achegará os correspondentes recibos das cotas satisfeitas á Seguridade

Social. Para o resto das mensualidades recollidas na resolución de concesión de axudas e correspondentes sempre ao ano 2006, o beneficiario presentará compromiso de mantemento do período de cotización, debendo ademais presentar durante o primeiro trimestre do ano 2007, e perante a Consellería de Innovación e Industria, a xustificación de pagamento das mensualidades non xustificadas.

f) Declaración de axudas obtidas e solicitadas para o mesmo investimento en calquera outra administración, organismos ou entes públicos ou privados. No caso de ser beneficiario dalgunha axuda ou subvención para a mesma actuación, deberá achegarse a documentación necesaria para a súa valoración para os efectos da súa concorrencia coa axuda outorgada pola Consellería de Innovación e Industria.

g) Certificación expedida pola entidade bancaria de titularidade da conta onde se debe realizar o pagamento da subvención, na que conste: código de banco, código de sucursal, díxitos de control e número de conta corrente.

h) Calquera outro documento que se requira na resolución particular de concesión da axuda.

No caso de que, tras realizar a Consellería de Innovación e Industria, de oficio a consulta telemática para solicitar as certificacións de atoparse ao día nas obrigas tributarias e sociais que deban emitir a Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, dese como resultado que o beneficiario teña débedas dalgun tipo das mencionadas, requirirase a este que regularice a súa situación e presente por si mesmo o/s correspondente/s certificado/s de atoparse ao día nas súas obrigas tributarias e/ou sociais. A devandita consulta telemática realízase con anterioridade á tramitación da proposta de pagamento das axudas, se é o caso, de acordo co establecido no artigo 12 da Lei 14/2004, do 29 de decembro, de medidas tributarias e de réxime administrativo.

Por outra banda, de acordo co establecido no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a presentación da solicitude de axudas comporta a autorización á Consellería de Innovación e Industria para solicitar de oficio e de forma telemática á Axencia Estatal de Administración Tributaria a consulta da alta na/s epígrafe/s do imposto de actividades económicas (IAE) que ampare/n a actividade artesanal do solicitante.

Artigo 16º.-Pagamento das axudas.

A percepción das axudas terá lugar unha vez que os servizos técnicos da Consellería de Innovación e Industria certifiquen, se é o caso, tras a inspección correspondente, que se realizou o investimento que foi obxecto de subvención e demais condicións impostas na resolución de concesión. Ademais, o beneficiario deberá presentar a documentación adicional que lle sexa requirida polos servizos técnicos da Consellería de Innovación e Industria, co obxecto de determinar o alcance do proxecto ou actuacións subvencionables.

Procederá a minoración da subvención concedida cando o investimento realizado teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que esta minoración non supoña unha realización deficiente do proxecto.

Artigo 17º.-Incompatibilidades.

As axudas previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería para o mesmo proxecto.

Polo demais, estas axudas serán compatibles con calquera outra das establecidas por calquera administración, institución ou ente público sempre e cando non se exceda, en termos de subvención neta equivalente, a porcentaxe do 55%, dado o carácter de Pemes que teñen as actividades artesanais, de acordo coas directrices sobre axudas de Estado de finalidade rexional (98/C 74/06) en relación co mapa de axudas de finalidade rexional para o período 2000-2006 en España, aprobado pola Comisión Europea/axuda de Estado número 773/99. O dito límite máximo aplicarase tanto se a axuda provén integramente de fontes nacionais como se foi cofinanciada con fondos comunitarios (punto 4.21º directrices comunitarias sobre axudas de Estado ás pequenas e medianas empresas. DOCE nº 213, do 23 de xullo de 1996).

Enténdese por subvención neta equivalente o beneficio último que a axuda debería proporcionar á empresa unha vez deducido o Imposto sobre Sociedades aboado en concepto da dita axuda.

Artigo 18º.-Reintegro da axuda.

1. Non se poderá exixir o pagamento da axuda ou subvención concedida e procederá o reintegro total ou parcial da contía percibida xunto cos xuros de demora percibidos desde o seu pagamento nos casos seguintes:

- a) Incumprimento da obriga de xustificación.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión.
- c) Incumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención.
- d) Incumprimento das condicións impostas ao beneficiario con motivo da concesión da axuda.

2. Así mesmo, procederá o reintegro do exceso percibido nos supostos nos que o importe da subvención, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade que vai desenvolver o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima de investimento subvencionable que se estableza.

3. O procedemento de reintegro tramitarase de acordo co establecido no artigo 20 do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

4. As cantidades que os beneficiarios deban reintegrar terán a consideración de ingresos de dereito público e será de aplicación para o seu cobramento o previsto nos artigos 19 ao 23 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia,

aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro.

Artigo 19º.-Fiscalización e control.

A concesión das axudas reguladas nesta orde estará sometida ao exercicio da función interventora e de control financeiro por parte da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos establecidos no capítulo V do Decreto 287/2000, do 21 de novembro, ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, se é o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 20º.-Réxime sancionador.

As infraccións administrativas cometidas en relación coas axudas e subvencións reguladas nesta orde sancionaranse de conformidade co disposto no artigo 79 do texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e no capítulo VII do Decreto 287/2000, do 21 de novembro.

Artigo 21º.-Réxime de recursos.

As resolucións, expresas ou presuntas, dos expedientes tramitados ao abeiro do disposto nesta orde esgotarán a vía administrativa e contra elas caberá:

a) Recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou ou debeu ditalas no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ou de tres meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto, segundo sexa o caso.

b) Ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa notificación, se é expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel no que se produza o acto presunto.

E todo isto sen prexuízo de que os interesados poidan exercer, se é o caso, calquera outro que consideren procedente.

Artigo 22º.-Disposición adicional.

En todo o non recollido nesta orde, aplicarase o disposto para esta materia no Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime de axudas e subvencións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia, e demais normativa que resulte de aplicación.

Disposición derradeira

Única.-Facúltase a directora xeral de Promoción Industrial e da Sociedade da Información para que dite as disposicións necesarias para a aplicación do disposto na presente orde.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2006.

Fernando Xabier Blanco Álvarez
Conselleiro de Innovación e Industria

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO AXUDAS PARA O SECTOR ARTESANAL	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN518A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

NOME		CIF/NIF	
ENDEREZO		LOCALIDADE	
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
CORREO ELECTRÓNICO	ACTIVIDADE SEGUNDO INSCRICIÓN NO REXISTRO DE ARTESANÍA DE GALICIA		
Nº CARTA DE ARTESÁN	Nº INSCRICIÓN OBRADOIRO	ANO DE CONSTITUCIÓN	Nº TRABALLADORES DO OBRADOIRO

E na súa representación legal

APELIDOS	NOME	DNI
----------	------	-----

DATOS DO INVESTIMENTO E CONTÍA SOLICITADA (EN EUROS)

IMPORTE DO INVESTIMENTO TOTAL QUE SE VAI REALIZAR (IVE EXCLUIDO)	IMPORTE DA CONTÍA SOLICITADA
--	------------------------------

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA QUE XUNTA O SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> MEMORIA EXPLICATIVA DO PROXECTO E DAS ACTIVIDADES PROFESIONAIS REALIZADAS. VER ARTIGO 9º.a). <input type="checkbox"/> ORZAMENTO DESAGREGADO, PROXECTOS, FACTURAS PROFORMA OU CONTRATOS CORRESPONDENTES ÁS ACTUACIÓNS. VER ARTIGO 9º.b). <input type="checkbox"/> NIF/CIF DO SOLICITANTE. VER ARTIGO 9º.c). <input type="checkbox"/> SEGÚN ANEXO III. DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS OU OBTIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓNS, ASÍ COMO DECLARACIÓN DO SOLICITANTE DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO. VER ARTIGO 9º.d). <input type="checkbox"/> DOCUMENTO PÚBLICO ACREDITATIVO DO PODER CO QUE ACTÚA O SOLICITANTE E, SE É O CASO, FOTOCOPIA DO SEU DNI. VER ARTIGO 9º.e). <input type="checkbox"/> NO CASO DE ASOCIACIÓNS, DOCUMENTACIÓN SEGUNDO ARTIGO 9º.f). <input type="checkbox"/> PARA A EXECUCIÓN DE PROXECTOS CONCERTADOS, CERTIFICACIÓN DE ADHESIÓN DAS EMPRESAS. VER ARTIGO 9º.g). <input type="checkbox"/> NO CASO DE ACOLLERSE ÁS AXUDAS DE CONTRATACIÓN, DOCUMENTACIÓN SEGUNDO ARTIGO 9º.h). <input type="checkbox"/> NO CASO DE ACOLLERSE ÁS AXUDAS POR ALTA NA SEGURIDADE SOCIAL DE NOVOS ARTESÁNS, DOCUMENTACIÓN SEGUNDO O ARTIGO 9º.i). <input type="checkbox"/> SE É O CASO, DOCUMENTACIÓN ACREDITATIVA DO SEU DEREITO A DESFRUTAR DA EXECUCIÓN DO IVE OU DO IAE. VER ARTIGO 9º.j).
--

LEXISLACION APLICABLE <i>Orde do 17 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas para o sector artesanal galego, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2006.</i>
SINATURA DO SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA, E SELO DA EMPRESA _____ _____ de _____ de 2006

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		DATA DE ENTRADA / /
REVISADO E CONFORME		DATA DE EFECTOS / /
		DATA DE SAÍDA / /

ANEXO II

DATOS DO SOLICITANTE

NOME

DEFINICIÓ DO PROXECTO

ACTIVIDADE PARA A QUE SE SOLICITA A AXUDA (DESAGREGADA POR EPIGRAFES CONTIDOS NO ARTIGO 4º)

LOCALIZACIÓN DAS ACTUACIÓNS (ENDEREZO, CONCELLO, PROVINCIA)

OBJECTO E TIPOLOXÍA DO INVESTIMENTO

Table with columns: ACTUACIÓN (SEGUNDO ART. 4º) 4.1/4.2/4.3/4.4, ACTUACIÓNS (DESCRIBIÓ DE CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS), PROVEDOR, PERÍODO DE EXECUCIÓN (MES INICIO E MES FINALIZACIÓN), IMPORTE (SEN IVE). Includes a footer row for 'INVESTIMENTO TOTAL'.

ANEXO III

DECLARACIÓN EXPRESA DE AXUDAS SOLICITADAS E CONCEDIDAS PARA AS MESMAS ACTUACIÓN, E DECLARACIÓN DE NON ATOPARSE INCURSO EN NINGUNHA DAS PROHIBICIÓNS PARA OBTEN A CONDICIÓ DE BENEFICIARIO DAS AXUDAS

D/Dña _____ con DNI nº _____
 en nome e representación da entidade _____
 con NIF nº _____

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:
 Que, para a actuación denominada _____
 a dita entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a continuación:

AXUDAS CONCEDIDAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

AXUDAS SOLICITADAS			
ORGANISMO	ANO	IMPORTE (€)	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

Así mesmo, o representante **DECLARA** que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos puntos 2º e 3º do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación e Industria, asina a presente declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____ de _____ de 200__
 (Sinatura e selo da entidade)

Orde do 20 de marzo de 2006 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas en materia das tecnoloxías da información e as comunicacións, en réxime de concorrencia competitiva, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e se procede á súa convocatoria.

A Consellería de Innovación e Industria, segundo o Decreto 552/2005, do 20 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, asume as competencias da Xunta de Galicia en materia de sociedade da información e do coñecemento. Ten, polo tanto, como unha das súas prioridades, impulsar dun xeito decidido a incorporación de toda a sociedade galega aos novos recursos tecnolóxicos da información e a comunicación e situar a comunidade autónoma nos niveis que acadan as rexións máis avanzadas do noso contorno nesta materia.

Neste proceso, é fundamental o apoio ás empresas, con especial atención ás Pemes, para a incorporación de tecnoloxías e solucións que fagan máis competitivos e rendibles os seus procesos, que lles faciliten as relacións cos seus provedores e clientes e que, en definitiva, lles permitan acadar un posicionamento competitivo acorde coas exigencias actuais.

Cómpre, asemade, fomentar o desenvolvemento das empresas do propio sector TIC, provedor de novos servizos e contidos, para acadar un desenvolvemento harmónico da oferta e a demanda, xa que está comprobado que esta non prospera axeitadamente se non existen aplicacións, servizos e contidos innovadores, deficiencia que limita a capacidade competitiva da nosa sociedade. A procura da creación e potenciación de novos mercados, o incremento da produtividade dos traballadores, a eficiencia pública e da calidade de vida, son orientacións estratéxicas básicas para actuacións dentro das